

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de novembro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para reforma e ampliación de supermercado e aparcadoiro, con licenza urbanística procedemento 142/2019, na avda. Infanta Elena (polígono 1-Sector IN-G) (exp. 2023/Y001/000006); para adecuación interior de edificio existente con licenza 1160/01 para uso de residencia de persoas maiores na avda. Carvalho Calero, número 2 (exp. 2022/Y001/000236); para legalización dunha escaleira que comunica a planta baixa coa planta primeira e terminación de obras menores e cambio de uso de residencial a comercial en edificio exclusivo sito na rúa Conde Pallares, número 16 (exp. 2023/Y001/000218) e para a construción de dous espazos anexos para gardar e almacenar todo o relacionado coa maquinaria, ferramentas necesarias para prestar o servizo de mantemento e usos agrícolas e forestais vinculados ó propietario para o seu autoconsumo en cotillón, Teixeiro (exp. 2021/Y001/0000276).

Acórdase a inadmisión por extemporáneo o recurso de reposición contra a resolución adoptada na Xunta de Goberno Local, do 6 de setembro de 2023, en relación co procedemento 2021/y001/000273, para construír unha vivenda unifamiliar illada no núcleo rural de Pedrafita, parroquia de Santa Comba (exp. 2023/P014/000121).

Acórdase a declaración de caducidade por causa de incumprimento dos

prazos da licenza urbanística, expediente 895/2011, outorgada pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 15 de xuño de 2011, para demolición da edificación sita na rúa Doutor Yáñez Rebolo, números 85 e 87 (exp. 2023/Y008/000007).

2. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdasae o pagamento do prezo xusto dos bens e dereitos afectados con motivo da 'expropiación por ministerio de lei da finca "A Agriña", expediente número 2022/158 do xurado de expropiación de Galicia.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenzas urbanísticas: para a construción de galpón con piares aberto polos catro ventos en Trambosríos, número 43; para construción de alpendre para a garda de apeiros e útiles de labranza no lugar de Laxe e para construción de nave almacén agrícola en Recimil, número 26.

Tamén se acorda a devolución da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, aboada en data de 03.08.2015 mediante a autoliquidación 7413127.

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a renuncia á celebración do contrato na contratación da organización, execución e difusión dun evento cultural de arte na rúa en Lugo, edición 2023 (exp. 2023/C003/000026)..

Tamén se acorda a desistencia do procedemento no procedemento de licitación convocado polo Concello de Lugo para a autorización do uso especial do dominio público para a instalación de máquinas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedeiros nos edificios e instalacións municipais (exp. 2023/C013/000002)..

Así mesmo, acórdase o procedemento de licitación convocado polo Concello de Lugo para a autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedeiros nos edificios e instalacións municipais (exp. 2023/C013/000003).

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do servizo de conservación,

mantemento e reparación dos vehículos do parque móbil municipal de Lugo mediante tres lotes (mecánica completa lixeiros - chapa, pintura e rotulación - substitucion e reparación neumáticos) e a apertura do procedemento de adxudicación (exp. 2023/C003/000032).

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación da prestación do servizo de mantemento, subministro de consumibles e reparacións dos sistemas de reprodución e impresión do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación (exp. 2023/C003/000024).

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación dun servizo de mantemento preventivo e correctivo dos carrozados, os seus compoñentes, equipos instalados nos vehículos do speis do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación (exp. 2023/C003/000027).

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra de acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que partindo da LU-P-2910 chega ao núcleo do castro (pista de paredes) (san andré de castro). obra incluída no plan provincial único de cooperación (exp. 2023/C002/000010).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

5. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a adxudicación directa da subvención prevista nominativamente nas bases de execución do orzamento xeral a 'Cogami Lugo, Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Lugo' e aprobación do respectivo convenio (exercizo económico 2023).

Tamén se acorda a adxudicación directa da subvención prevista nominativamente nas bases de execución do orzamento xeral a 'Alcer Lugo' e aprobación do respectivo convenio (exercizo económico 2023).

Fóra da orde do día

- Acórdase a aprobación da modificación das bases de contratación de persoal docente Obradoiro de emprego “Arquivalugo” (aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 31/805 do 25 de outubro de 2023).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.